

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e tres de xullo de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión extraordinaria de organización da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez don Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

O deputado do Grupo Popular don Antonio Montero Fernández, incorporouse á sesión cando se trataba o punto sétimo da orde do día.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: <http://videoacta.depourense.es>

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DE CONSTITUCIÓN DA DEPUTACIÓN DO DÍA 14 DE XULLO DE 2015.**

A Presidencia pregúntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior, correspondente á constitutiva da Deputación Provincial, do 14 de xullo de 2015, que foi distribuído coa convocatoria da sesión. Non se formula ningunha obxección, declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

## **2º.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN E DESIGNACIÓN DE PORTAVOCES.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia relativa á dación de conta da constitución dos grupos políticos da Deputación e designación de portavoces de conformidade co disposto nos artigos 23 ó 29 do ROF, co seguinte detalle:

**GRUPO POPULAR:** integrado por catorce (14) deputados do Partido Popular, que designan portavoz a don Plácido Álvarez Dobaño, e como suplentes a don Manuel Doval Soto e don Pablo Pérez Pérez.

**GRUPO SOCIALISTA:** integrado por oito (8) deputados do PSdeG.-PSOE, que designan como portavoz a don José Ignacio Gómez Pérez, e como viceportavoces a dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo e don Francisco José Fraga Civeira.

**GRUPO DE DEMOCRACIA ORENSANA:** integrado por dous (2) deputados de Democracia Orensana, que designan portavoz a D. Gonzalo Pérez Jácome e como suplente a D. Armando Ojea Bouzo.

**GRUPO DO BNG:** integrado por un (1) deputado, que designa portavoz a D. Ramiro Rodríguez Suárez.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación.

## **3º.- RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta sobre o réxime de sesións do Pleno.

Non se producen intervencións e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que as sesións ordinarias do Pleno desta Corporación teñan lugar, en primeira convocatoria, o último venres de cada mes, ás 10:00 horas, no Pazo Provincial. Se coincide en festivo ou a sesión non tivese lugar por calquera outra causa, a supletoria tería lugar o luns seguinte, ou primeiro día hábil posterior, -se este fose inhábil-, á mesma hora. O Pleno poderá modificar a data das sesións ordinarias, tralo informe da xunta de portavoces.

## **4º.- RÉXIME DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular presentes na sesión (13) e o dos deputados de Democracia Ourensana (2) e a

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

abstención dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8) e o do BNG (1), o seguinte acordo:

- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno se realicen con periodicidade semanal.

Corresponderalle á Presidencia fixar, mediante decreto, o día e hora en que deban realizarse as sesións ordinarias.

**5º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA RELATIVAS A NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO, NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTES, DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO E DELEGACIÓNS EN DEPUTADOS PROVINCIAIS.**

O Sr. secretario procede a dar lectura das resolucións da Presidencia relativas á designación dos membros da Xunta de Goberno, nomeamento de Vicepresidente da Deputación, delegacións na Xunta de Goberno e delegacións en deputados provinciais, co seguinte contido:

**“D E C R E T O:** Ourense, 14 de xullo de 2015

*De conformidade co que dispoñen os artigos 35.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, 72 e concordantes do ROF, DISPOÑO:*

*1º.- Designar aos membros da Xunta de Goberno desta Deputación, na seguinte forma:*

- *D. Rosendo Luís Fernández Fernández*
- *D. Jorge Pumar Tesouro*
- *D.ª Montserrat Lama Novoa*
- *D. Pablo Pérez Pérez*
- *D.ª Ana María Villarino Pardo*
- *D. Plácido Álvarez Dobaño*
- *D. Manuel Doval Soto*
- *D. Juan Anta Rodríguez*

*2º.- Darlle conta ao Pleno desta resolución e publicala no BOP”.*

**“D E C R E T O:** Ourense, 14 de xullo de 2015

*De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 35.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 66 ó 68 do ROF, DISPOÑO:*

*1º.- Designar vicepresidente primeiro desta Deputación ao deputado, membro da Xunta de Goberno, don Rosendo Luís Fernández Fernández*

*2º.- Designar vicepresidente segundo desta Deputación ao deputado, membro da Xunta de Goberno, don Jorge Pumar Tesouro.*

*3º.- O cargo de vicepresidente primeiro será desempeñado en réxime de dedicación exclusiva, de conformidade co establecido na base 67ª, apartado d) das bases de execución do vixente orzamento.*

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

4º.- Os vicepresidentes substituirán ao presidente nos casos de ausencia e demais previstos na lexislación vixente, pola súa orde de nomeamento.

5º.- Os presentes nomeamentos producirán efectos desde o día da data, sen prexuízo da súa publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial”.

**“D E C R E T O: Ourense, 16 de xullo de 2015**

De conformidade coas atribucións que me confire a lexislación vixente, **DISPOÑO:**

- Delegar nos deputados que se mencionan (integrantes do grupo de goberno), as seguintes áreas de responsabilidade, que se transcriben a continuación:

1º.- Delegación de área a favor de membros da Xunta de Goberno: deléganse nos membros da Xunta de Goberno que se indican de seguido as funcións de xestión política das áreas de acción que se sinalan en cada caso:

- D. Rosendo Luís Fernández Fernández en materia de facenda.
- D. Jorge Pumar Tesouro, en materia de administración provincial.
- D. Pablo Pérez Pérez, en materia de cooperación e seguimento do plan de mandato 2015-2019.
- D.ª Montserrat Lama Nóvoa, en materia de transparencia e goberno aberto.
- D. Plácido Álvarez Dobaño, en materia de emprego e industria.
- D.ª Ana María Villarino Pardo, en materia de termalismo e turismo.
- D. Manuel Doval Soto, en materia de cultura.
- D. Juan Anta Rodríguez, en materia de deporte e mocidade.

Nas delegacións conferidas non se inclúe a facultade de ditar actos administrativos con efectos fronte terceiros, agás nos seguintes supostos:

**A.- D. Rosendo Luís Fernández Fernández**, como deputado delegado de área de facenda, exercerá as seguintes atribucións propias da Presidencia:

- a) O recoñecemento e liquidación de obrigacións de carácter contractual e subvencional.
- b) A ordenación de pagos de obrigacións recoñecidas previamente.
- c) A facultade de ditar todos os actos administrativos fronte terceiros en materia de xestión tributaria e recadación que correspondan a esta Deputación, tanto respecto dos seus tributos propios como dos tributos municipais delegados na Deputación.
- d) A incoación e resolución de procedementos sancionadores en materia tributaria.

(Exceptúanse do ámbito desta delegación aqueles actos de recadación que lle correspondan ao tesoureiro da Deputación Provincial).

- e) Os actos de trámite e resolución que lle correspondan á Presidencia en todo tipo de procedemento relativos a subvencións.
- f) A adxudicación e formalización dos contratos privados relativos á celebración de concertos, representacións teatrais e demais de contido artístico que se celebren no Teatro Principal, tanto dos contratados a caché como dos verificados mediante alugueiro do edificio.
- g) A cesión temporal de uso das dependencias do Teatro Principal a entidades públicas e entidades privadas de interese público para fins que redunden en beneficio da provincia.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

**B.- D. Jorge Pumar Tesouro**, como deputado delegado de administración provincial, exercerá as seguintes atribucións propias da Presidencia:

- a) A resolución dos procedementos de declaración de usuarios do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria nas situacións de alta, espera de alta, baixa ou suspensión do servizo, así como as resolucións de denegación do acceso ao servizo a aqueles usuarios que non cumpran os requisitos establecidos.
- b) A resolución de solicitudes de execución de obras, plantacións, e outras actuacións suxeitas a autorización previa, nas zonas de dominio público, servidume e afección das estradas de titularidade provincial
- c) A incoación e resolución de procedementos sancionadores por infraccións ao disposto na lexislación de uso e defensa das estradas provinciais.
- d) A resolución das solicitudes de devolución de garantías constituídas para a execución de obras ou outras actuacións en zonas de dominio público, servidume ou afección das estradas provinciais.
- e) A incoación e resolución de procedementos de reclamacións de responsabilidades a terceiros por danos nas estradas de titularidade provincial.
- f) A resolución de solicitudes de cortes de tráfico en estradas de titularidade provincial.
- g) A resolución de solicitudes de permisos de circulación de vehículos por estradas provinciais.
- h) A adopción dos seguintes actos de trámite nas obras executadas pola Deputación Provincial, tanto por contrata como por administración, así como os relativos a cortes de tráfico de estradas:
  - Actas de aprobación do plan de seguridade e saúde.
  - Actas de nomeamento da persoa que asume as funcións do recurso preventivo das obras que sexan por administración.
  - Comunicacions á autoridade laboral de apertura de centros de traballo das obras que sexan por administración.
  - Comunicacions á Xunta de Galicia de apertura de centros de traballo.
  - Actas de aprobación da avaliación de riscos (plan de prevención) de obras sen proxecto.
  - Autorizacións de gasto para a publicación en medios de comunicación social de anuncios de cortes de estradas. Non obstante, a sinatura dos anuncios corresponderalle á Presidencia.
- i) Os actos de trámite e resolución de expedientes en materia de xestión de recursos humanos, agás os seguintes:
  - Os actos relativos á oferta de emprego público.
  - Os actos relativos aos procedementos de selección de persoal e provisión de postos de traballo.
  - Os actos relativos a procedementos disciplinarios.
  - Os actos relativos á negociación colectiva que non lle correspondan ao Pleno.

**C.- D. Pablo Pérez Pérez**, como deputado delegado de cooperación e seguimento do plan do mandato 2015-2019, exercerá as seguintes atribucións da Presidencia:

- a) A representación da Deputación Provincial nas comisións de seguimento dos convenios de cooperación entre a Deputación Provincial e o resto de entidades locais

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

da provincia, incluíndo as facultades propias da Presidencia da dita comisión cando lle corresponda á Deputación.

b) Os actos de execución dos convenios de cooperación e asistencia a municipios e outras entidades locais da provincia, agás os que correspondan ao deputado delegado de facenda ou ao deputado delegado de administración provincial en materia de xestión económica e de recursos humanos, e os que lle correspondan á Presidencia en materia de recursos humanos.

c) O exercicio das atribucións que lle correspondan á Presidencia para a realización das funcións delegadas polos concellos na Deputación Provincial en materia de medio ambiente e xestión de servizos municipais, incluíndo en todo caso os seguintes:

- Os actos de tramitación e resolución de permisos especiais de vertido (incluíndo, ademais, os procedementos de concesión dos ditos permisos, os procedementos de adopción de medidas correctoras das actividades autorizadas, os procedementos de modificación e declaración de caducidade dos permisos).

- A incoación e resolución de expedientes sancionadores en materia de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e vertido de augas residuais.

- A tramitación e resolución dos procedementos de retirada de vehículos estacionados na vía pública.

As delegacións especificadas nos apartados A, B e C anteriores, inclúen en todos os supostos a facultade de resolución dos recursos ou reclamacións que se interpoñan en vía administrativa.

2º.- Confírense, ao abeiro do artigo 63.4 do ROF, as seguintes delegacións especiais, a favor de deputados non integrados na Xunta de Goberno, para a dirección e xestión política dos asuntos determinados que se indican en cada caso:

- a) D.<sup>a</sup> María Consuelo Vispo Seara, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de infraestruturas.
- b) D. José Antonio Feijóo Alonso, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de medio rural.
- c) D. Antonio Montero Fernández, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de emigración.
- d) D. Miguel Antonio Cid Álvarez, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de enerxía e medio ambiente.
- e) D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de igualdade e ciclo da vida.

3º.- O exercicio das atribucións delegadas levarase a cabo con estrita suxeición á normativa vixente.

4º.- As delegacións conferidas producirán efectos a partir do día 20 de xullo de 2015, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

5º.- Ordenar a publicación desta resolución no BOP e darlle conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar”.

**“DECRETO:** Ourense, 16 de xullo de 2015

No mandato 2011-2015 delegouse na Xunta de Goberno unha única atribución da Presidencia, consistente na aprobación das bases reguladoras das convocatorias de subvencións para a súa concesión a través de procedementos de concorrencia competitiva.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

*Posteriormente, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP 13-12-2013) reordenou as competencias en materia de subvencións, atribuíndolle a súa concesión ordinariamente á Xunta de Goberno, agás nos casos das subvencións plurianuais, cuxa concesión lle corresponde ao Pleno.*

*Con isto, a delegación conferida á Xunta de Goberno por decreto do 11 de xullo de 2011 quedou sen contido. Polo exposto, procede revogar formalmente o dito decreto do 11 de xullo de 2011, que desde o 14 de decembro de 2013 perdera eficacia práctica.*

*Por outra parte, non se considera oportuno delegar na Xunta de Goberno o exercicio de atribucións propias da Presidencia por razóns de axilidade administrativa.*

*Polo exposto **DISPOÑO:***

- *Revogar a delegación anteriormente concedida á Xunta de Goberno por resolución do 11 de xullo de 2011.*

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación.

#### **6º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 20 de xullo de 2015.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos deputados e deputadas presentes do Grupo Popular (13) e o dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8) e coa abstención dos deputados de Democracia Ourenzana (2) e o do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Crear as comisións informativas permanentes que se indican a continuación:

<b>COMISIÓNS</b>
1.- ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E ECONOMÍA
2.- TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL
3.- COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL
4.- IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO
5.- TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE
6.- CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

Cada comisión estará integrada por seis (6) representantes do Grupo Popular, tres (3) representantes do Grupo Socialista, un (1) de Democracia Orensana e un (1) representante do BNG. Será presidente de todas elas o presidente da Deputación, sen prexuízo da posibilidade da delegación da presidencia a proposta da propia comisión.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

No cómputo dos seis representantes do Grupo Popular inclúese ao presidente. No suposto en que o presidente delegase a presidencia dunha comisión noutro deputado, automaticamente se designará un representante máis do Grupo Popular, co fin de que manteña os seis representantes que lle corresponden en cada comisión.

Os grupos políticos designarán aos seus representantes en cada comisión, e poderán acordar a substitución destes, cando o consideren oportuno, mediante escrito que deberá dirixirse á Presidencia.

As sesións ordinarias das comisións informativas permanentes terán lugar do seguinte xeito:

- Os mércores (a partir das 17.00 horas) da semana anterior á de realización do Pleno ordinario mensual:
  - . Especial de Contas, Facenda e Economía.
  - . Transparencia e Administración Provincial.
  - . Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.
- Os xoves (a partir das 17.00 horas) da semana anterior á de realización do Pleno ordinario mensual:
  - . Igualdade, Benestar e Emprego.
  - . Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.
  - . Cultura, Deportes e Mocidade

Non obstante o anterior, e por motivos xustificados, a Presidencia poderá modificar os días e hora de realización das comisións, procurando en todo caso que teñan lugar entre o luns e o xoves da semana anterior á da sesión ordinaria do Pleno mensual.

As comisións informativas poderán realizar sesión extraordinaria ou extraordinaria e urxente, conforme coas normas xerais de aplicación.

### **7º.- DESIGNACIÓN DE CARGOS E REPRESENTANTES DA DEPTUACIÓN PROVINCIAL NOUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14) o dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8) e o do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Designar aos seguintes cargos e representantes da Corporación nos organismos e entidades que se mencionan:

**INORDE:**

- **Presidente:** D. Rosendo Luís Fernández Fernández.
- **Un (1) deputado provincial:** D. Plácido Álvarez Dobaño.
- **Un (1) representante doutras organizacións empresariais diferentes da CEO:** D. Aurelio Gómez Villar, presidente da Federación de Hostelería.

**Catro vogais entre persoas con recoñecida actividade empresarial ou profesional:**

- A proposta do Grupo Popular:
  - D. Lois Babarro Alén, presidente do Círculo de Xoves Empresarios de Ourense.
  - D.<sup>a</sup> Ana Méndez Gil, vicepresidenta do Círculo de Xoves Empresarios de Ourense.
- **A proposta do resto dos grupos da Corporación:**
  - D. José Prieto Pérez
  - D. Armando Ojea Bouzo, deputado provincial.
  - Poderá asistir como ouvinte (sen voz nin voto) D. Ramiro Rodríguez Suárez, deputado provincial.

**CONSORCIO DO SERVICIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DE VALDEORRAS:**

- **Titulares:**
  - D. Juan Anta Rodríguez, deputado provincial
  - D. Pablo Pérez Pérez, deputado provincial
- **Suplentes:**
  - D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara, deputada provincial
  - D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo, deputada provincial

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

**CONSORCIO DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DE VERÍN:**

- **Titular:** D. Pablo Pérez Pérez, deputado provincial
- **Suplente:** D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara, deputada provincial

**CONSORCIO DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DA LIMIA:**

- **Titular:** D. Pablo Pérez Pérez, deputado provincial
- **Suplente:** D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara, deputada provincial

**CONSORCIO DO SERVIZO DE SALVAMENTO E CONTRA INCENDIOS DA COMARCA DO CARBALLIÑO –RIBEIRO:**

- **Titular:** D. Pablo Pérez Pérez, deputado provincial
- **Suplente:** D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara, deputada provincial

**CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO:**

- **Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco
- **A proposta do Grupo Popular:**  
**Titular:** D. Joaquín Bautista Prieto Rodríguez, alcalde de Larouco  
**Suplente:** D. Pablo Pérez Pérez, deputado provincial
- **A proposta do resto dos grupos da Corporación:**  
**Titular:** D. Francisco José Fraga Civeira, deputado provincial  
**Suplente:** non se designou.

**XUNTA XERAL DE AQUA OURENSE, SOCIEDADE PROVINCIAL DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE SA:**

- **Titular:** D. Plácido Álvarez Dobaño, deputado provincial
- **Suplente:** D. Pablo Pérez Pérez, deputado provincial

**COMISIÓN LIQUIDADORA DE URBA OURENSE, SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL, SA:**

- **A proposta do Grupo Popular:**  
D. Jorge Pumar Tesouro, deputado provincial  
D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara, deputada provincial
- **A proposta do resto dos grupos da Corporación:**

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

D.<sup>a</sup> Cristina Gómez Dobarrio

D. Ramiro Rodríguez Suárez, deputado provincial

Poderá asistir como ouvinte (sen voz nin voto) don Armando Ojea Bouzo, deputado provincial.

- **Cinco persoas con especial cualificación técnica a proposta da Presidencia:**

D. Javier Martínez de Anta.

D. José Manuel González Sánchez

D.<sup>a</sup> Antonio Carlos Sánchez Moro

D.<sup>a</sup> Eva Reza Paz

D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

- **Secretario do Consello de Administración a proposta da Presidencia:**

D. Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación.

- **Presidente da Comisión liquidadora, a proposta da Presidencia:**

D. Jorge Pumar Tesouro.

**8º.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 17 de xullo de 2015.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8), a dos deputados de Democracia Ourenzana (2) e a do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Delegar na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes competencias:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria
- b) A declaración de lesividade dos actos administrativos ditados polo presidente ou pola propia Xunta de Goberno.
- c) A concertación das operacións de tesourería a que se refire o artigo 33.2.k) da Lei de bases do réxime local.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

- d) As contratacións, concesións e adquisicións de bens a que se refire a disposición adicional 2ª, apartado 2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo das previstas no artigo 47.2.j) da Lei de bases do réxime local, que seguirán sendo de competencia do Pleno.

A delegación das competencias en materia de contratación comprende tamén a da aprobación dos proxectos de obras, servizos e subministracións correspondentes, así como a realización de calquera trámite vinculado á contratación de referencia.

- e) Os alleamentos de bens ou dereitos a que se refire a disposición adicional 2ª, apartado 2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, excepto no suposto en que non estean previstas no orzamento, e sen prexuízo dos casos a que se refire o artigo 47.2.m) da Lei de bases do réxime local, que serán sempre de competencia do Pleno.
- f) A fixación dos prezos públicos pola prestación dos servizos de cooperación e asistencia a municipios e outras entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico, de conformidade cos criterios establecidos na Ordenanza reguladora dos ditos prezos públicos publicada no Boletín Oficial da Provincia do 18 de xuño de 2009, que abranguerá os aspectos sinalados no artigo 3.3 da dita Ordenanza.
- g) A fixación dos prezos públicos correspondentes a publicacións que edite a Deputación Provincial, de conformidade cos criterios establecidos no artigo 14 da Ordenanza provincial reguladora do servizo de publicacións, publicada no Boletín Oficial da Provincia de 19 do novembro de 2013.
- i) A fixación dos prezos públicos polos servizos prestados na Escola de Artes e Oficios da Deputación, conforme co establecido no artigo da súa ordenanza reguladora.
- j) A fixación dos prezos públicos polos servizos prestados pola Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no artigo 17 da súa Ordenanza reguladora.
- k) A fixación dos prezos públicos polos servizos prestados pola Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no artigo 30 da súa Ordenanza reguladora.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

- l) A fixación dos prezos públicos polos servizos prestados pola Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no artigo 4 da súa ordenanza reguladora.
- ll) A fixación dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación, de conformidade co establecido nos artigos 2 e 3 da ordenanza reguladora destes servizos.
- m) A adopción do acordo de necesidade de ocupación nos procedementos ordinarios de expropiación forzosa, a solicitude da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación e a adopción dos acordos de aprobación inicial e definitiva dos procedementos de taxación conxunta.

O exercicio das competencias delegadas comprenderá a facultade de resolver os recursos administrativos contra os actos que se diten no exercicio das ditas delegacións.

En todo caso, a adopción de acordos pola Xunta de Goberno por delegación do Pleno requirirá a emisión previa do ditame preceptivo pola comisión informativa correspondente, salvo nos supostos de urxencia nos que se dará conta do acordo adoptado á comisión informativa na primeira sesión que esta realice.

Quedan revogados os acordos de delegación conferidos á Xunta de Goberno no mandato 2011 - 2015.

**9º.- RÉXIME DE RETRIBUCIÓN, ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS DE CARGOS ELECTOS E DE SUBVENCIÓNS E DOTACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS PARA OS GRUPOS POLÍTICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 20 de xullo de 2015.

O Sr. presidente anuncia que a deliberación deste punto será conxunta coa do seguinte, aínda que a votación será por separado.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14), o dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8) e do BNG (1),

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

e o voto en contra dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º)** Dáse nova redacción á base 67ª das bases de execución do orzamento vixente no exercicio 2015, introducíndose as modificacións que se indican a continuación:

**A)** Mantense o réxime de dietas por asistencia a órganos colexiados, axudas de custo e gastos de locomoción establecidos nos apartados a) e b) da devandita base 67ª.

**B)** Dáse nova redacción ao apartado c), co contido seguinte:

“c) De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, aboaráselle a cada grupo político con representación na Corporación Provincial as seguintes asignacións:

- Compoñente fixo: 900,00 € mensuais a cada grupo.
- Compoñente variable: 900,00 € mensuais por cada deputado.

Os grupos políticos terán dereito ao uso dun local no Pazo Provincial, dotado de mobiliario e enerxía eléctrica. Os restantes gastos de funcionamento, tales como material de oficina e gastos de teléfono e de correspondencia, serán de conta de cada grupo. No caso dos gastos telefónicos e de conexión a Internet, de ser estes soportados pola Deputación, deducirase a súa contía nas liquidación mensuais da subvención ao grupo.

Os grupos políticos non poden destinar as subvencións que perciban a aboar remuneracións do persoal que preste servizos na Corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos patrimoniais. Os grupos deberán levar unha contabilidade específica na que figuren as subvencións percibidas e os gastos ás que estas se destinen, contabilidade que estará a disposición do Pleno da Corporación cando este a solicite”.

**C)** Dáse nova redacción ao apartado d), co seguinte contido:

“d) A Deputación Provincial porá a disposición dos grupos políticos medios persoais para a realización de funcións de apoio, de confianza política e asesoramento especial, de conformidade coas seguintes regras:

- A Deputación Provincial procederá á designación do dito persoal en réxime de persoal eventual, conforme co disposto no artigo 104 da Lei de bases de réxime local. O nomeamento será efectuado pola Presidencia a proposta dos grupos políticos, subscrito polo portavoz de cada grupo. A dita proposta terá carácter vinculante para a Presidencia, excepto

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

no suposto en que recaia nunha persoa na que concorra calquera causa legal que impida o seu nomeamento.

- O cese dos funcionarios eventuais será automático coa conclusión do mandato. Así mesmo a Presidencia poderá acorda-lo seu cese en calquera momento previa proposta do grupo político correspondente, que terá carácter vinculante.

- Os postos de persoal eventual ó servizo dos grupos políticos recolleranse na Relación de Postos de Traballo e no Anexo de Persoal dos Orzamentos, coas características seguintes: Os postos de técnico medio se asimilarán ao subgrupo A2, con nivel 22 de complemento de destino e un complemento específico de 14.396,48 € anuais.

Os postos de administrativo se asimilarán ao subgrupo C2, con nivel 19 de complemento de destino e un complemento específico de 12.033,14 € anuais.

O Grupo Popular disporá de tres técnicos medios e catro administrativos.

O Grupo Socialista disporá de dous técnicos medios e dos administrativos.

O Grupo de Democracia Orensana disporá de dous técnicos medios.

O Grupo do BNG disporá dun técnico medio e un administrativo.

Non obstante o anterior, un dos postos de técnico medio ao servizo do Grupo Socialista terá a consideración de persoal laboral fixo, podendo seguir sendo desempeñado polo persoal laboral indefinido existente ou, de se –lo caso, polo persoal laboral interino que o substitúa, ata tanto se regularice a situación deste posto de conformidade coa lexislación vixente”.

**D)** Dáse nova redacción ao apartado e) da base 67ª quedando como segue:

“e) Dedicacións exclusivas: desempeñaranse en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

e.1) A Presidencia da Deputación Provincial, con retribución íntegra mensual de 5.166,09 € en 14 pagas.

e.2) A Vicepresidencia 2ª da Deputación Provincial, con retribución íntegra mensual equivalente á dun director xeral da Comunidade Autónoma.

e.3) A Presidencia do INORDE, con retribución íntegra mensual de 3.916,92 euros.

As retribucións correspondentes aos cargos sinalados nos apartados e.1), e.2) e e.3) serán en todo caso renunciabes por parte dos seus titulares, sen prexuízo do cal manterase o dito réxime de dedicación exclusiva. Os cargos en réxime de dedicación exclusiva que non perciban retribucións neste concepto terán dereito ao cobro das axudas de custo e

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados da entidade á que, en cada caso, presente servizo.

e.4) Poderán exercerse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, nos termos previstos na presente base, os cargos de portavoz e/ou coordinador dos grupos políticos. Para estes efectos, e dentro dos límites máximos sinalados nesta base, os grupos políticos, mediante escrito asinado polo seu portavoz titular, determinarán os cargos con dereito a retribución e nomearán ás persoas que os desempeñarán. Para a súa eficacia, os acordos dos grupos deberán ser ratificados por resolución da Presidencia, que unicamente poderá denegar a ratificación no caso de que o acordo do grupo político infrinxa as presentes bases ou non se axuste a Dereito. A resolución da Presidencia deberá ditarse e notificarse ao grupo no prazo máximo dun día hábil dende que o escrito do grupo tivese entrada no rexistro xeral da Deputación, entendéndose outorgada por silencio administrativo en caso contrario, conforme ás normas xerais en materia de procedemento.

Os grupos políticos definirán de xeito discrecional os cargos con réxime de dedicación exclusiva ou parcial, podendo asignala tanto ao portavoz titular como aos seus suplentes ou adxuntos, e tanto aos cargos con funcións de coordinación xeral como a cargos de apoio ao coordinador xeral ou de coordinación en materias ou asuntos concretos.

Os límites aplicables son os seguintes:

- Grupo Popular: 2 dedicacións exclusivas e 2 dedicacións parciais ao 75 %.
- Grupo Socialista: 1 dedicación exclusiva e 2 dedicacións parciais ao 75 %.

Non existirán cargos con dedicación nos Grupos de Democracia Orensana e do BNG.

Cada cargo en réxime de dedicación exclusiva terá unha retribución de 41.000 euros brutos anuais. Os cargos en réxime de dedicación parcial terán a retribución que proporcionalmente lles corresponda.

E) O actual apartado e) da base 67<sup>a</sup>, relativo ás retencións do IRPF pola asistencia a órganos colexiados, pasa a ser o apartado f).

2º) Ao abeiro do establecido no artigo 57.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, o presente acordo, unha vez aprobado definitivamente e publicado no Boletín Oficial da Provincia, terá efectos dende o día 24 de xullo de 2015. No caso dos nomeamentos de cargos en

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

régime de dedicación exclusiva ou parcial, a súa eficacia producirase dende a data do correspondente nomeamento, en caso de que este fose posterior ao 24 de xullo.

3º) O presente acordo someterase a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorrido o dito prazo sen que se formulasen alegacións o acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación do texto íntegro da base modificada no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do establecido no artigo 75 da Lei de bases do réxime local. No caso de formularse alegacións estas serán resoltas polo Pleno.

**10º.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2015.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 20 de xullo de 2015 e dá conta tamén da presentación dunha emenda de adición da Presidencia de data 22 de xullo de 2015, no sentido de engadir no apartado segundo do acordo o inciso “con efectos do 24 de xullo de xullo de 2015”.

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente coa do anterior.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14), o dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial para o exercicio 2015, e o Anexo de Persoal, no seguinte sentido:

A) No Servizo de Presidencia, dentro do Gabinete de Presidencia, créanse os seguintes novos postos de traballo, coas súas correspondentes prazas reservadas a persoal eventual:

1 Xefe do Gabinete da Presidencia, Persoal Eventual asimilado ao Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Complemento específico: 27.840,94 €/ano. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

1 Asesor de Proxectos Estratéxicos, Persoal Eventual asimilado ao Grupo C1. Nivel 19. Complemento específico: 12.033,14 €/ano. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

B) No apartado de persoal ao servizo dos grupos políticos, créanse os seguintes postos de traballo, coas súas correspondentes prazas reservadas a persoal eventual:

3 Técnicos medios de asesoramento ao Grupo Popular. Persoal eventual asimilado ó grupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Popular. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

4 administrativos de asistencia ao Grupo Popular: Persoal eventual asimilado ó grupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.033,14 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Popular. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

1 Técnico medio de asesoramento ao Grupo Socialista. Persoal eventual asimilado ó grupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Socialista. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

1 administrativo de asistencia ao Grupo Socialista: Persoal eventual asimilado ó grupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.033,14 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Socialista. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

2 Técnicos medios de asesoramento ao Grupo de Democracia Ourensana. Persoal eventual asimilado ó grupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo de Democracia Ourensana. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno. En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor, con efectos do 24 de xullo de 2015.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

**11º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 3/2015 (SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS) DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2015**

A Sra. Interventora expón o contido da proposta da Presidencia de data 20 de xullo de 2015.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto once da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8), dos de Democracia Ourensana e o do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
420.11/410.00	A Organismos administrativos. INORDE	101.987,01 €
453.11/221.99	Materiais. Vías e obras	50.000,00 €
450.12/221.99	Materiais. Cooperación provincial	70.000,00 €
166.11/600.00	Invest. terreos. Exprop. Provinciais plan cooperación provincial	200.000,00 €
453.12/214.00	Material transporte. Parque maquinaria	200.000,00 €
912.11/226.02	Información e publicidade. Corporación Provincial	129.000,00 €
912.11/226.01	Atencións protocolarias e representativas. Corporación provincial	75.000,00 €
912.11/485.00	Indemnización grupos políticos. Corporación provincial	82.584,76 €
912.12/110.00	Retribucións básicas e outras remuneracións persoal eventual. Secretaría particular	231.380,00 €
912.11/160.00	Seguridade social. Corporación provincial	110.000,00 €
912.11/100.00	Retribucións. Corporación provincial	105.430,00 €

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

**CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS DE INVESTIMENTO**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
320.00/650.13	Programa EDUCOU administración xeral de educación	434.000,00 €

**CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS FINANCEIROS**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
433.00/831.00	Préstamos a longo prazo. Desenvolvemento empresarial	324.158,00 €

**RESUMO**

Suma suplementos de crédito .....	1.355.381,77 €
Suma créditos extraordinarios	758.158,00 €
.....	

**RECURSOS UTILIZADOS**

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	2.113.539,77 €
---	----------------

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**12º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ E NOUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 20 de xullo de 2015.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto doce da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar a Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz e noutras instalacións deportivas da Deputación Provincial de Ourense, no sentido seguinte:

a) Modifícase o artigo 5 da Ordenanza, que queda redactado do seguinte modo:

*A Xunta de Goberno poderá conceder bonificacións nas tarifas por utilización do pavillón auxiliar e o pavillón principal ou das instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico, previa solicitude dos interesados, cando concorran conxuntamente as seguintes circunstancias:*

*a) Que a actividade para a que se van utiliza-las instalacións teña un claro carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, non podendo tratarse, en ningún caso, dunha actividade susceptible de reportar un beneficio económico ó solicitante.*

*b) Que a entidade solicitante acredite insuficiencia de medios económicos para o pagamento das tarifas, así como a imposibilidade ou grave inconveniencia de repercutir o seu custe nos usuarios da actividade de que se trate.*

*b) As entidades interesadas deberán acreditar documentalmente a concorrencia das circunstancias sinaladas.*

*c) A Xunta de Goberno graduará a porcentaxe da bonificación que conceda en función do grao de insuficiencia de medios económicos acreditado polo solicitante, sen que, en ningún caso, a bonificación poida exceder do 100 % da tarifa establecida.*

b) Engádesse unha Disposición adicional única, co seguinte contido:

**Disposición adicional:** *Excepcionalmente o Pleno da Deputación poderá regular, sen suxeición ás regras xerais establecidas nesta Ordenanza) e mediante convenios de carácter plurianual, o uso das instalacións do Pazo dos*

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

*Deportes Paco Paz por parte de entidades deportivas cuxa actividade poida considerarse de mercado interese xeral para a provincia.*

*Os convenios de uso das instalacións preverán en todo caso as contraprestacións a que se obriguen as entidades beneficiarias, que non terá porque ter un contido económico, pero si supoñer un beneficio social ou deportivo para a provincia, preferentemente vinculado ao fomento do deporte de base.*

2º:- Someter a modificación da ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no taboleiro de edictos da Corporación. Durante o expresado prazo poden presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da modificación da ordenanza. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

**13º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUB OURENSE BALONCESTO PARA O USO DAS INSTALACIÓN DO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 20 de xullo de 2015.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14) o voto en contra dos deputados de Democracia Ourensana (2) e a abstención dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Modificar o prazo de vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Club Ourense Baloncesto, S.A.D., para o uso das instalación deportivas do Pazo dos Deportes *Paco Paz*, ampliando a súa duración por un prazo adicional de cincuenta anos, estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro do ano 2070.

O presente acordo queda sometido á condición suspensiva da aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos prestados no Pazo dos Deportes *Paco Paz*.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

**14º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2015, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DE O CARBALLIÑO, A MEZQUITA, PARADA DE SIL E VILAR DE SANTOS.-**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 20 de xullo de 2015.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2015 relativa ás obras municipais dos concellos de:

- O Carballiño, minorando en 15.187,11 € o orzamento consignado para a execución da obra n.º 22/POS/2015 “Reparación de viais rúa Monxardín, Florentino Cuevillas, ...”, fixando o dito orzamento na cantidade de 60.000,00 €.

- A Mezquita, refundindo nunha soa actuación, baixo a denominación “Arranxo do saneamento e fosas sépticas en Prado, A Porta e Rigueiriña e pavimentación da rúa Costa en Santigoso” cun orzamento de 50.000,00 €, as tres obras incluídas inicialmente no plan provincial por dito termo municipal coas seguintes denominacións e importes:

- Obra n.º 52/POS/2015 “Arranxo do saneamento e substitución de fosas sépticas en Prado, A Porta” cun orzamento de 25.000,00 €.
- Obra n.º 53/POS/2015 “Pavimentación rúa Costa en Santigoso” cun orzamento de 10.000,00 €
- Obra n.º 54/POS/2015 “Substitución de fosa séptica en Rigueiriña” cun orzamento de 15.000,00 €

- Parada de Sil, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 62/POS/2015 denominada “Acceso a Porto”- a obra denominada “Reparación e bacheo das estradas municipais” cun orzamento de execución de 50.000,00 €.

- Vilar de Santos, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 96/POS/2015 denominada “Ampliación do centro de día de Vilar de Santos”- a obra

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 23 de xullo de 2015</b>
--

denominada “Acondicionamento de edificio municipal para centro de iniciativas” cun orzamento de execución de 50.000,00 €.

E, ás trece horas do citado día vinte e tres de xullo do ano dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**